


**6** O fallo do xurado darase a coñecer o sábado 12 de maio e a entrega do premio realizarase o xoves 17 de maio de 2007, Día das Letras Galegas, nun acto público no salón noble do Concello de Vilagarcía, no horario que se determine.

**7** O Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa resérvase os dereitos da obra premiada. Os poemarios non premiados non se devolverán e serán destruídos unha vez rematadas todas as fases do concurso. A Concellería de Cultura non manterá correspondencia sobre este particular.

**8** A interpretación das presentes bases correspóndelle unicamente ó xurado. Polo feito de participar no IV Premio de Poesía Fermín Bouza Brey - Concello de Vilagarcía, cada autor comprométese a aceptalas, sen prexuízo do que prescriban as leis vixentes.

Para máis información:  
Concellería de Cultura  
Tfno. 986 099 200, extensión 137  
Fax 986 501 220  
[cultura@vilagarcia.es](mailto:cultura@vilagarcia.es)



# IV PREMIO DE POESÍA

Fermín Bouza Brey  
Concello de Vilagarcía de Arousa

2007



O 31 de marzo de 1901 nace en Pontearreas o escritor e investigador Fermín Bouza-Brey, quen días máis tarde é trasladado a Vilagarcía, onde pasa toda a súa infancia e xuventude e lle dedica grande parte da súa obra e labor investigador.

En 1992, co gallo da conmemoración do Día das Letras Galegas, dedicado a Fermín Bouza-Brey, os concellos de Pontearreas, Cortegada de Baños e Vilagarcía de Arousa crearon o Premio de Poesía Fermín Bouza Brey. Despois de realizar tres edicións e de editar os tres poemarios gañadores, o premio deixouse de convocar.

Con estes antecedentes e co obxectivo de honrar a memoria deste poeta e investigador, en 2001, ó cumprirse o centenario do seu nacemento, o Concello de Vilagarcía de Arousa convocou con carácter bianual, o I Premio de Poesía Concello de Vilagarcía de Arousa - Centenario de Fermín bouza-Brey.

É por isto que neste ano 2007 se convoca o IV Premio de Poesía Fermín Bouza Brey - Concello de Vilagarcía, que se rexerá polas seguintes:



## BASES

1 Poderán concorrer todos os poetas que o desexen, cun poemario inédito dunha extensión mínima de 400 versos, escritos en galego.

2 Os participantes deberán enviar cinco exemplares do seu poemario macanografados e sen remite identificador ó seguinte enderezo:

Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa,  
Concellería de Cultura  
IV Premio de Poesía Fermín Bouza  
Praza de Ravella 1  
36600 Vilagarcía de Arousa

Os envíos que non conteñan cinco exemplares serán desbotados e por tanto quedarán fóra do concurso.

3 Os poemarios concursantes deberán levar un lema, que tamén figurará no exterior do sobre ou plica dentro do que se incluírán os datos persoais (nome completo, DNI, enderezo e teléfono de contacto). O prazo de presentación das obras rematará o venres 30 de marzo de 2007 ás 13,30 h. Lugar de presentación: Rexistro de entrada do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, de 9,30 a 13,30 h.

4 O IV Premio de Poesía Fermín Bouza-Brey estará dotado cun premio único e indivisible de 3.000 €. En ningún caso poderá declararse deserto.

5 O xurado do premio será designado polo Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa e estará composto por destacadas personalidades da poesía e da cultura galegas. O nome dos membros do xurado farase público xunto co seu fallo.